

Para

Rosie e Isaac

(*miña filla favorita*
e *meu fillo favorito*)

Podes consultar o noso catálogo en www.picarona.net

TERRA TÓMASE UN DESCANSO
Texto e ilustracións: *Emily House*

1ª edición: maio de 2024

Título orixinal: *Earth Takes a Break*

Tradución: *Silvia Obelleiro*
Maquetaxe: *El Taller del Llibre, S. L.*
Corrección: *Martina Torea*

© 2020, Emily House
© 2020, Imaginary House
Este libro negociouse a través
de S. B. Rights Agency-Stephanie Barrouillet
(Reservados todos os dereitos)

© 2024, Ediciones Obelisco, S. L.
www.ediconesobelisco.com
(Reservados os dereitos para a lingua española)

Edita: Picarona, selo infantil de Ediciones Obelisco, S. L.
Collita, 23-25. Pol. Ind. Molí de la Bastida
08191 Rubí - Barcelona - España
Tel. 93 309 85 25
E-mail: picarona@picarona.net

ISBN: 978-84-9145-731-2
DL B 7343-2024

Gràfiques Martí Berrio, S. L.
c/ Llobateres, 16-18, Tallers 7 - Nau 10. Polígono Industrial Santiga
08210 - Barberà del Vallès - Barcelona

Printed in Spain

Todos os dereitos reservados. Ningunha parte desta publicación, incluído o deseño da cuberta, pode ser reproducida, almacenada, transmitida ou utilizada en modo algún por ningún medio, xa sexa electrónico, químico, mecánico, óptico, de gravación, ou electrográfico, sen o previo consentimento por escrito do editor. Dirixete a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se precisas fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

TERRA TÓMASE UN DESCANSO

por Emily House

Érase unha vez, non fai
moito tempo, que Terra atopábase
rematadamente enferma.

Os seus síntomas empeoraban
máis e máis cada ano, así que
decidiu ir ao médico.



–Por que ves? –preguntoulle
o doutor cando Terra tomou asento
no seu consultorio.



-Pois levo un tempo
sentíndome algo maliña.
-respondeu Terra.



-De cando en vez, atópome
tan quente que semello unha pataca
ardendo e cústame moito respirar.

Non lembro a última vez
que sorrín. E se son franca,
síntome un tanto angustiada.

-Xa vexo..., pareces un pouco indisposta.
Ímosche facer unha revisión
-dixo o médico.



O médico púxolle o termómetro
a Terra.

–Mmm... –dixo.



Auscultoulle a respiración.

–Mmmmm –volveu dicir.



Entón, tomoulle a presión arterial.

–Miña nai! –murmurou–.

Non estás ben.

Non estás para nada sa!



Fixo un garabato con determinación no caderno de notas.

–Vas tomar isto todos os días durante catro semanas seguidas e asegúrate de completar o tratamento.

Terra mirou o papel.

–Grazas –dixo–. Pero non son quen
de entendolo.

Que di?



–Descanso –contestou o médico

con firmeza–. Tes que repousar, polo menos, durante catro semanas.

Terra case escacha a rir ante a aloucada prescripción médica, pero como
o doutor parecía un bo home, contívose para non ser maleducada.

DOCTOR GEE




En lugar de rir, dixo:

–Isto é imposible. Non o podo facer.

Todo o mundo precisa de min.

–E esa é razón dabondo para tomar
un descanso –concluíu o médico.



Amolada, Terra engurrou a
nota. Por moito que desexara
descansar, non vía o modo de
consegui-lo xa que os
humanos non lle deixaban.